



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EGAP E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) - pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia é unha Corporación de Dereito Público, amparada pola Lei de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia (Lei 11/2001 do 18 de setembro) con estrutura democraticamente constituída, carácter representativo e personalidade xurídica propia.

Forma parte do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Forestais de España có obxecto da coordinación e representación conxunta de todos os Colexios de Enxeñeiros Técnicos Forestais existentes en España.

O Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia ten como obxectivo principal velar pola actuación dos profesionais que o integran en beneficio da sociedade, protexéndoa do intrusismo profesional e garantindo a ética profesional dos colexiados, ós que en consecuencia, protexe e axuda tanto na súa adecuación profesional como no asesoramento e perfeccionamento da súa seguridade profesional, social e laboral.

Que o Colexio ten entre os seus fins a organización de actividades e servizos de interese para os colexiados de carácter profesional, formativo, cultural, informativo, asistencial, de previsión ou outros análogos; o visado dos documentos relacionados cos traballos profesionais dos colexiados; e a presenza nos padroados e consellos sociais das universidades, así como a participación na elaboración dos plans de estudos das Escolas Universitarias de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, e de calquera ensinanza universitaria ou de formación profesional que teñan relación coa actividade forestal.

(2) Obxecto

O convenio ten por obxecto a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e





de organización de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

O instrumento convencional que se asina ten por obxecto a realización das seguintes actuacións:

- a) A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- b) A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
- c) A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
- d) Cantas outras actividades sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto do convenio.

(4) Impacto económico

A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o ano 2018.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalízase co Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2018, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela a 10 de agosto do 2018
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete

